

A POLÍTICA NO CAMPESIÑADO DO OESTE

Miguel Cabo*

Universidade de Santiago de Compostela

* Departamento de Historia (USC). Grupo de referencia competitiva do SUG HISTAGRA (ED431C 2017111). Este traballo inscríbese no proxecto *Los vectores del cambio estructural de las agriculturas atlánticas ibéricas: moto-mecanización y especialización lechera*, referencia: HAR2016-77441-P (investigador principal: Lourenzo Fernández Prieto).

1. INTRODUCCIÓN

Sendo o título deste relatorio ambicioso de máis, cómpre comezar aclarando que o obxecto del abranguerá unicamente o período no cal o asociacionismo agrario tivo vixencia de maneira simultánea en ambos os dous territorios considerados, é dicir, entre os derradeiros anos do século XIX e o ano 1936. Coa Guerra Civil, o movemento agrarista é desmantelado, mentres que na Bretaña as experiencias e a aprendizaxe colectiva previa á (relativa) paréntese petainista poden ser reaproveitadas na posguerra ata a actualidade.

Trátase, pois, dunha ollada comparada sobre o asociacionismo de base campesiña en Galicia e na Bretaña cun desequilibrio confesado de partida: se no primeiro caso podó basearme nas miñas propias investigacións, no segundo teño que contentarme coa consulta de bibliografía secundaria, coa dúbida, ademais, de estar ou non en condicións de dominala coa exhaustividade requirida. Calquera exercicio de comparación supón simplificar, desbotar os matices en beneficio dos trazos xerais; para Galicia resúltame complicado porque a coñezo demasiado ben e para a Bretaña xustamente polo motivo contrario.

As concomitancias e influencias no eido cultural entre Galicia e a Bretaña son abondosas e variadas e foron presentadas polo miúdo por Ramón Villares (2017) recentemente e no transcurso do encontro no Consello da Cultura Galega que está na orixe deste volume; tamén foron analizadas por varios dos relatores. No entanto, a Bretaña non foi un referente para o movemento agrarista galego e na inxente produción xornalística e publicística xerada por el non se atopan apenas mencións á península armoricana. A atención dos agraristas galegos estaba concentrada no que sucedera en Irlanda, onde a conxunción da loita pola terra e a nacional fascinaba a determinados sectores, e, nun ton menos épico pero máis pragmático, no modelo cooperativista dinamarqués, que tivo grande éxito (Cabo 2014 e 2015). Resulta significativo que Castelao, no *Sempre en Galiza*, faga numerosas mencións á Bretaña, que, como é ben sabido, exercía sobre el unha indubidable atracción, pero que ningunha delas se refira ás formas de asociacionismo agrario nin á súa acción colectiva en xeral, como si ocorre con Irlanda e Dinamarca. O societarismo católico-agrario, que *a priori* podía ollar con máis atención os logros do seu equivalente na Bretaña, tiña como referentes externos ben as federacións máis puxantes dentro

da Confederación Nacional Católico-Agraria (CNCA), como a navarra e a castelán-leonesa, ben o Boerenbond flamengo.

Tampouco entre os técnicos agrarios a Bretaña foi un termo de comparación á hora de analizar o presente e o futuro do sector agrario galego. Unha relativa excepción constituía Bartolomé Calderón (1861-1931), experto autodidacta e influente comentarista de temas agropecuarios hoxe esquecido case por completo¹. Calderón residía nos arredores de París e nalgúns dos seus artigos fai mencións puntuais á Bretaña; por exemplo, afirmando que as campesiñas galegas, pola súa iniciativa e laboriosidade, tiñan máis en común coas bretoas e normandas que coas do sur de España, ou que os cabalos bretóns, pola súa rusticidade, serían máis axeitados como sementais que os de raza árabe que estaba a empregar a Dirección Xeral de Cría Cabalar para os cruzamentos². En todo caso, non pasan de referencias esporádicas e nunca fixo un estudo sistemático como o que adicou a Dinamarca, o espello en que propuña inspirarse para o desenvolvemento económico do noso país.

O punto de partida, porén, convida á comparación. Calquera lector galego de *Le Cheval d'orgueil* queda sorprendido pola similitude dos *traballos e os días* descritos por Pierre-Jakez Hélias cos da súa propia infancia ou cos que compoñen a obra máis próxima en enfoque, que deixou unha pegada popular e temática na nosa literatura, as *Memorias dun neno labrego*, aínda que a recreación da infancia de Hélias se sitúe ao redor dos anos da gran guerra e a de Neira Vilas despois da Guerra Civil. Pousemos, daquela, a ollada sobre estas dúas variantes do que foi, nunca o esquezamos, un fenómeno á escala continental, o da organización societaria dos produtores agrarios baixo diferentes formas (cooperativismo, partidos agrarios, sociedades agrarias...).

¹ En Fernández Prieto e Cabo (1998) tentamos caracterizar este personaxe, principal animador da revista coruñesa *Prácticas Modernas* (1903-1913) e colaborador durante décadas de *La Voz de Galicia*.

² «Las mujeres en la agricultura del Norte de España», *Prácticas Modernas*, 15 (I-VIII-1903); «El fomento del ganado caballar en la región gallega», *PM*, 210 (15-X-1911).

2. OS CONDICIONANTES

O medio físico, a ocupación do territorio e a distribución da propiedade da terra non determinan pero si condicionan as formas de actuación política e mobilización colectiva. Non chegaremos tan lonxe, iso si, como Siegfried (1913) cando afirmaba que os solos graníticos votan á dereita e os calcarios á esquerda.

Galicia e a Bretaña compartían o hábitat disperso, a alta densidade, o predominio dun policultivo que non era incompatible coa mercantilización de parte da produción pero si coa especialización extrema e unhas comunicacións interiores e co exterior deficientes que lastraban a articulación do mercado rexional e a comercialización dos produtos (fundamentalmente gandeiros) cara aos grandes centros de consumo urbanos (dado que, ademais, na altura de 1900 ningunha das dúas contaba con cidades de tamaño suficiente como para desempeñaren ese papel). A ruralidade acentúase nos dous casos polos efectos desindustrializadores do devalo da industria téxtil ao longo do século XIX. En canto ao réxime de propiedade, nos albores do século XX na Bretaña combinábase a propiedade co arrendamento, máis unha forma peculiar de colonato (o *domaine congéable*). Aínda que as deficiencias da Administración estatal impidan a cuantificación exacta, a dita combinación sería válida para Galicia coa importante matización da presenza predominante do contrato foral, cuxa superación se vai converter precisamente nun dos principais vectores da mobilización agrarista. Tamén é común a presenza frecuente de familias que combinan terras en propiedade con outras de terceiros levadas baixo diversas fórmulas e o recurso estacional ao traballo a xornal por parte dalgúns dos seus compoñentes, situacións confusas para os observadores exteriores (pero plenamente racionais dende o punto de vista da reprodución social do campesiñado) que dificultaban a aplicación das diagnoses estereotipadas elaboradas polos partidos políticos e as ideoloxías alleos. En ambos os dous casos, a tendencia é cara a unha expansión da propiedade campesiña nas primeiras décadas do século pasado (Ford 1993: 50, Villares 1982), aínda que os datos dispoñibles sinalan un maior tamaño da explotación media na Bretaña.

Ambos os dous son países de emigración, tanto interna como externa, e tanto nun caso como no outro a imaxe popular na escala estatal viña marcada polo colectivo de emigrados nas grandes cidades, coa bagaxe dun bilingüismo proble-

mático e a falta de valoración da propia cultura³. As dúas son rexións con taxas de analfabetismo elevadas a comezos do século XX, por enriba da media dos respectivos Estados (no caso galego, trátase, ademais, da única área setentrional que rompe o gradiente de crecente alfabetización canto máis ao norte), malia que en valores considerablemente máis elevados en Galicia (Furet e Ozouf 1977, Núñez 1992). Reflexo do *décalage* rural/urbano e da inadecuación do sistema escolar ás peculiaridades locais, os límites da acción estatal mesmo deron lugar, en ambos os dous casos, ao fenómeno das escolas de ferrado ou *petites écoles* informais.

Para rematar coas semellanzas, trátase de dúas rexións con marcadas peculiaridades étnicas (aínda que con feble e tardía tradución no eido da política, como se analiza noutras contribucións a este volume) e enclavadas en Estados centralistas que non as recoñecían de ningún xeito —e, de feito, no que ao ámbito administrativo se refire, nin a Bretaña nin Galicia existían para efectos oficiais—, divididas en catro departamentos e provincias, respectivamente (ha de se dicir que o sistema administrativo xurdido da lenta imposición do liberalismo en España era unha copia do francés). Os sistemas electorais da Restauración e da III República tiñan diferenzas considerables, pero compartían a característica de que a maior parte dos distritos eran uninominais. Aínda que neste encontro o tema será analizado por voces máis autorizadas que a miña, a etnicidade marcada non deu lugar a unha expresión política propia forte, estando como estaban carentes as dúas rexións dunha base de masas popular (coa relativa excepción do Partido Galeguista antes da Guerra Civil). Por último, tanto Francia como España practicaban políticas comerciais proteccionistas, malia que máis acentuadas no caso español. Mentres que, en Galicia, no movemento agrarista (como se aprecia nas Asembleas de Monforte) e nas Irmandades e, logo, no Partido Galeguista se proclamaba unha suposta vocación librecambista que resultaría imposibilitada polos elevados aranceis ao servizo doutros intereses (cereal de Castela, industria catalá), na Bretaña nunca se abriu ese debate nin se viu estimulado pola proximidade do puxante mercado británico.

³ Faligot e Bernicot (2012) repasan os tópicos sobre os bretóns, que, na súa meirande parte, poderían ser aplicables aos estereotipos sobre os galegos (rusticidade, laboriosidade...), non sendo o presunto carácter revoltoso, que no caso dos galegos sería mansedume. Nun ton máis académico, Moch (2012). Moi xustesiva a comparación que fai Gemie (2007: 88) cos tópicos do orientalismo que definiu Edward Said no seu día.

Nun aspecto dos comportamentos políticos, a diverxencia é rechamante: en Galicia, a deficiente inserción no Estado e na cultura política liberal que encarna nunca dá lugar a manifestacións de violencia colectiva masiva, como na Bretaña na época da Vendée e da *Chouannerie*, cuxa represión deixa, ademais, unha fonda pegada na mentalidade popular e é reavivada regularmente polos medios católicos. O único equiparable podería ser o carlismo en Galicia, que nunca acadou esas dimensións, como tampouco sequera o doutras zonas da península.

3. O ASOCIACIONISMO AGRARIO

Segundo foi norma na Europa contemporánea, a irrupción masiva do campesiñado como suxeito político activo veu acompañada de formas modernas de asociacionismo e canalizouse a través delas. As peculiaridades do caso galego foron investigadas a fondo e son dabondo coñecidas, polo que aquí se optará por presentar un panorama do sucedido na Bretaña e logo contrastalo cos seus equivalentes en Galicia⁴.

Para a Bretaña cóntase con tres obras fundamentais. A primeira delas é da autoría da politóloga estadounidense Suzanne Berger e foi publicada en inglés en 1972 e traducida ao francés tres anos máis tarde baixo o significativo título de *Les Paysans contre la politique*. Partindo do estudo de, fundamentalmente, o departamento do Finistère, o máis occidental da península, Berger presenta a Bretaña como unha rexión arcaica, illada e que só incorpora novidades para reforzar os seus trazos fundamentais (policultivo centrado na subsistencia, sociedade xerárquica e deferente, catolicismo...), e na cal, cando o campesiñado se organiza, o fai baixo o liderado de clero e nobreza fronte ao Estado. Trataríase, daquela, dun movemento defensivo para manter a distancia o Estado, no que a Bretaña nunca se sentira ben integrada dende a Revolución, e tamén moitas das manifestacións da modernidade (urbanización, mercantilización, mobilidade social...), que ameazaban unha orde ancestral idealizada. O corporativismo sería a expresión doutrinal acaída para teorizar a acción sindical baixo estes parámetros.

⁴ Cabo (1998) para unha síntese xeral á que remitimos o lector interesado, excusándonos de citas reiterativas.

No magnífico libro de Berger é patente a pegada da teoría da modernización vixente na época, na que o campesiñado quedaría relegado a un papel meramente pasivo, de masa de man de obra. Dúas décadas despois, Caroline Ford (1993) achega unha nova lectura, inserida no debate sobre o proceso de nacionalización en Francia desatado polo *Peasants into Frenchmen* de Eugen Weber (1976)⁵. Para Ford, os conflitos relixiosos (incluíndo aquí os relacionados co sistema escolar) vehicularon na Bretaña o seu proceso de inserción na identidade nacional, poñendo en evidencia os vencellos entre as cuestións locais e a política nacional e a súa expresión a través das ferramentas da política moderna: o sufraxio, a prensa e a asociación. Mediante eles produciríase a apropiación, por parte da poboación bretoa, do vocabulario e os elementos constitutivos da cultura republicana para definir a nación nos seus propios termos, mentres que Weber (e Berger antes) postulaban, dende posicionamentos dicotómicos, que a cultura católica desempeñaba unicamente un papel entorpecedor da asunción e a difusión daquela⁶. Neste marco, o asociacionismo agrario católico hexemónico na rexión sería unha ferramenta novidosa para construír algo tamén novo (cooperativismo, acceso do campesiñado á cidadanía plena...) e non para recuperar unha orde de cousas perdida no pasado.

Máis recentemente, David Bensoussan (2006) fixo unha análise de conxunto das dereitas bretoas no período de entre as dúas guerras, no que insire o estudo do asociacionismo agrario nos diferentes departamentos, análise da cal tiramos moito proveito para este traballo. Se se engaden as referencias á Bretaña en obras xerais sobre o asociacionismo agrario en Francia (Barral 1968, Paxton 1996, Lynch 2002) e as referencias en obras xerais sobre a Bretaña, estamos en condicións de trazar un panorama xeral sobre o seu desenvolvemento que permita entrar na comparación co sucedido en Galicia.

Cronoloxicamente, os inicios do societarismo agrario moderno son coincidentes. A cobertura legal chega da man de senllas leis de asociación que datan de 1884, no caso francés, e de 1887, no español, e que máis tarde serán com-

⁵ Para unha síntese e un estado da cuestión do impacto do libro de Weber, Cabo e Molina (2009).

⁶ «In contesting the secular, unitary conception of the republican nation, the inhabitants of Lower Brittany strove to construct an alternative conception of the Republic. In so doing, they reconciled their identities as Catholics and Bretons with the claims of a larger France» (Ford 1993: 230). Parte de abordaxes teóricas similares Fournis (2006), con diferentes vías rexionais para a integración na nación.

plementadas cunha lei sobre sociedades de crédito agrícola (1894) e outra sobre mutuas agrícolas (1900) en Francia e coa lei de sindicatos agrícolas de 1906 en España. Os comezos son pouco espectaculares e ata a primeira década do século XX non chega o arranque definitivo no número de sociedades activas e a extensión por todas as comarcas. No entanto, a confrontación dos primeiros sindicatos (na denominación francesa) e sociedades agrarias (na galega) pon de relevo unha diferenza fundamental dende o mesmo comezo do proceso: na Bretaña son froito da iniciativa de nobres locais co apoio do clero (Bensoussan 2006: 29), mentres que as sociedades pioneiras do litoral pontevedrés se benefician do dobre estímulo da forza da comunidade local e de axudas externas do movemento obreiro e o republicanismo, tamén elas forzas «antisistema» no contexto da Restauración, como o era a nobreza monárquica na III República, pero dun signo ben diferente e, ademais, con moito maiores doses de autonomía dos asociados. O protagonismo da fidalguía galega é moi escaso; foron máis representativos os esforzos da nobreza por defender os foros que a actividade dalgúns fidalgos no sindicalismo católico nas bisbarras do Ribeiro e da Estrada (lembramos as experiencias do primeiro Losada Diéguez). Na Bretaña, en cambio, a nobreza tentaría complementar as súas formas tradicionais de influencia e control mediante o impulso do sindicalismo agrícola, que lle permitiría prolongar e actualizar a súa ascendencia social⁷.

A propósito do mencionado antes, aparece un trazo en común: o pouso comunitario, que explica que as sociedades, tanto nun caso como no outro, sexan maioritariamente de ámbito parroquial, xunto coa súa multiplicidade de funcións para acometeren o maior número posible de necesidades da comunidade local e a pretensión de representaren a totalidade dos habitantes desta, sen excluíren, polo tanto, figuras como os xornaleiros, aínda que na práctica estivesen infrarrepresentados e as súas aspiracións nunca ocupasen un lugar relevante fronte ás dos propietarios e arrendatarios⁸.

O societarismo agrario na Bretaña vén marcado, ata a segunda posguerra, polo predominio do que David Bensoussan (2006) denomina, con reminiscencias gramscianas, o «bloque agrario», constituído polo clero, a nobreza e o campesi-

⁷ É a tese que defenden Brelot (1996) con carácter xeral e Bensoussan (2008) para a Bretaña.

⁸ Berger (1975: 95). Nin sequera na conxuntura favorable da Fronte Popular se acadou unha organización autónoma para os xornaleiros agrícolas como a que propugnaban determinadas forzas de esquerda (Sénéchal 2012).

ñado, ao redor do consenso básico da defensa do catolicismo, o cal, no entanto, adoptaría unha posición subordinada que non comeza a sacudir de enriba ata o período de entre as guerras. Como é ben sabido (Barral 1968, Cleary 1989), o panorama asociativo agrario, durante a III República, viña definido por dúas macrofederacións alcumadas atenista (conservadora) e xermanista (republicana), polo nome das rúas parisienses nas que tiñan as súas respectivas sedes centrais. Na Bretaña, o predominio dos atenistas (organizados nunha *union régionale*) é claro, mentres que en Galicia o seu equivalente máis próximo, os sindicatos católico-agrarios (englobados na Confederación Nacional Católico-Agraria a partir de 1917), nunca acadaron unha posición hexemónica (Martínez 1989). O seu momento de esplendor foron os anos comprendidos entre 1918 e a ditadura de Primo, e mesmo nese momento a Confederación Regional de Agricultores Gallegos, encabezada por Basilio Álvarez, gozaba de maior implantación.

No exame da bibliografía sobre a Bretaña, sorprende o peso decisivo do compoñente católico na vida política e cultural; de feito, era o elemento que marcaba a súa singularidade no conxunto da Francia da III República. Na terminoloxía de Pierre Barral (1968: 41-66), desenvolvendo e matizando a proposta por Siegfried medio século antes e que Bensoussan dá por válida (2006), o noroeste da Bretaña sería caracterizable como «democracia clerical» (as outras categorías situadas dentro das democracias —zonas de predominio da pequena propiedade— serían as neutras, as anticlericais e as protestantes) e a meirande parte serían zonas de «xerarquía aceptada» (as outras opcións serían as contestadas e as capitalistas). Podemos falar dun control social equivalente da Igrexa na Galicia do primeiro terzo do século xx? Na miña opinión non, sen negar a súa importancia, pero, en todo caso, quedaría a moita distancia dos extremos acadados na Bretaña. Nesa dirección apuntan a relativa fraqueza do carlismo no século xix e, posteriormente, a incapacidade do societarismo católico para hexemonizar o agrarismo galego, e iso malia contar co apoio da Administración (ben é certo que máis intenso por parte dos conservadores que dos liberais), desexosa de fomentar unha versión menos belixerante do agrarismo en termos de dereitos de propiedade e loita anticaciquil. En ningún caso, polo menos ata a Segunda República, atopamos nada semellante a un *casus belli* do estilo da lei de separación de 1905 nin aos constantes conflitos ao redor da escola laica fronte ás escolas privadas. Pola contra, un dos sinais de identidade do réxime republicano en Francia era a hostilidade contra

a Igrexa. Se cadra cómpre ter en conta dous factores. Un primeiro, a presenza en Galicia dun anticlericalismo popular aínda por estudar, pero do que se ten constancia, digamos, impresionista ou anecdótica, malia que fose difícil de artellar politicamente, mentres que Ford (1993: 92) apenas atopa indicios del para a Bretaña. O segundo factor sería que na Bretaña a Igrexa soubo identificarse coa cultura local, comezando polo idioma, o que lle permitiu articular un discurso propio do que o societarismo católico careceu completamente, o que se evidencia na incapacidade para atopar unha voz propia e peculiar dentro da CNCA (Cabo e Míguez 2010). No transcurso do congreso que deu lugar a esta publicación, tivemos a oportunidade de comprobar que o profesor Pegerto Saavedra coincidía con estas apreciacións sobre o peso da Igrexa en Galicia tamén para a época moderna.

O predominio do societarismo católico na Bretaña era tal que, en varios momentos, a pugna entre diferentes concepcións do sindicalismo agrario, traducida no eido cooperativo, pero tamén en candidaturas electorais enfrontadas, non se daba entre católicos e republicanos, senón entre a versión tradicional do «bloque agrario» e disensións demócrata-cristiás. Estas maniféstanse ata 1910 (ano da súa condena papal) nos chamados «sillonistas» (movemento católico progresista impulsado por Marc Sangnier), que levan á práctica unha versión da democracia cristiá e a acción social que se manifesta na fundación de sindicatos que rompen coa dinámica paternalista, baixo a figura carismática do *abbé* Trochu e o xornal máis vendido na rexión, *L'Ouest-Éclair*. Nos anos vinte, o mesmo espírito presidiu o movemento dos chamados *cultivateurs-cultivants*, que renegaron do modelo do sindicalismo mixto, priorizaron as reivindicacións dos arrendatarios (recoñecemento de melloras, acceso á propiedade) e animaron a *Fédération des syndicats paysans de l'Ouest* (cun máximo de 242 sindicatos a principios dos anos trinta). No plano político atoparon expresión na *Ligue des paysans de l'Ouest*, que aceptaría sen reservas o réxime republicano sen renunciar ao seu carácter católico e lles disputaría as eleccións ás cámaras agrarias e aos distintos órganos representativos aos candidatos católicos máis tradicionais (Bensoussan 2006: 282). Aínda que as dificultades financeiras ocasionadas pola Depresión e a progresiva moderación do seu discurso remataron na súa confluencia coa *Union régionale* atenista, a diversidade dentro do bloque católico foi unha constante⁹. Nada semellante podemos

⁹ A Liga desaparecerá en 1930 e a Federación en 1934.

sinalar para Galicia, onde a disciplina e ortodoxia dos sindicatos católico-agrarios foi monolítica, pero esa tranquilidade levou aparelado o prezo da esclerose e a supresión de persoas e ideas innovadoras (Míguez e Cabo 2010).

Isto último lévanos ao seguinte punto: sendo ambas as dúas rexións nas que o fenómeno migratorio acadou cotas moi elevadas, no caso bretón non atopei mención ningunha á presenza de retornados nas súas directivas, mentres que en Galicia é ben coñecido o seu peso non só no asociacionismo agrario, senón tamén nas transformacións habidas noutros moitos ámbitos (Núñez Seixas 1998). Precisamente, a excepción estaría constituída polos sindicatos católico-agrarios, nos que pesaron as reticencias do clero fronte á figura do retornado e a inercia pater-nalista na concepción da acción social.

Gostaríame aproveitar para lanzar aquí unha hipótese que requiriría dunha análise máis meditada: os efectos que para a Francia rural tivo a experiencia da gran guerra e que Barral sintetiza na «xeración da fronte» en Galicia, obviamente á marxe do conflito por mor da neutralidade española, chegaron da man da masiva experiencia da emigración ultramarina, se ben de xeito menos brusco e traumático. Os mozos franceses, como noutros países belixerantes, tiveron contacto nas trincheiras con realidades novas e volveron delas cunha nova mentalidade que Barral describe como de impaciencia coas xerarquías tradicionais (sociais, relixiosas, familiares) e de preferencia polos métodos directos, de tal maneira que accederon a responsabilidades directivas a maior escala verdadeiros campesiños nas organizacións agrarias de distinto signo, proceso reforzado ademais pola tendencia ao retroceso da gran propiedade fronte á mediana e pequena¹⁰. En Galicia detéctase un cambio semellante nas características sociolóxicas dos directivos das agrarias a partir de finais dos anos dez, cando a dinámica de varias décadas de aprendizaxe da acción colectiva e a experiencia migratoria lle permiten ao movemento agrarista xerar as súas propias elites a grande escala.

Cómpre mencionar a relación dos respectivos nacionalismos co asociacionismo agrario. Como era previsible, posto que isto constitúe unha norma case sen excepcións, tanto na Bretaña como en Galicia profesan un acusado ruralismo que enxalzaría no mundo rural e no campesiñado en particular o máis puro mante-

¹⁰ Un balance da achega da Bretaña na mobilización bélica, por enriba do que lle correspondería polo seu peso demográfico, en Laouénan (2008) e Guyvarc'h e Lagadec (2013).

dor das peculiaridades étnicas. Porén, isto non se traducía necesariamente nunha conexión efectiva coas organizacións agrarias. Na traxectoria do nacionalismo bretón non hai apenas nada que sinalar ao respecto, pois foi moi minoritario e estivo centrado en reivindicacións culturais e lingüísticas afastadas das preocupacións dos labregos. Pola contra, no galego, dende a época das Irmandades da Fala lograronse contactos dentro do movemento agrarista e, na época xa do Partido Galeguista, adhesións explícitas dun número considerable de sociedades agrarias (Cabo 2009 e 2017).

Un aspecto no que os sindicatos bretóns acadaron éxitos incomparablemente maiores que os galegos foi o eido cooperativista. As cifras das operacións levadas a cabo de xeito cooperativo e a creación de centrais estables a escala departamental non teñen parangón en Galicia. O edificio estaba coroado pola Office centrale des associations agricoles, con sede en Landerneau, creada en 1906 e que en 1939 agrupaba 569 sindicatos locais e 45 000 membros, aos que ofrecía servizos mutualistas e cooperativos de todo tipo (Cucarull 2002: 67). Neste caso, os incentivos selectivos a prol da asociación dos que falan os teóricos da acción colectiva dende Mancur Olson acadarían unhas dimensións moito maiores na Bretaña. Parte da explicación pode radicar na tese de que o cooperativismo sempre se desenvolve con máis retraso e dificultades alí onde estea aberta aínda a cuestión da propiedade da terra, como sería o caso, en Galicia, da cuestión foral, que ocupou recursos de todo tipo (monetarios, asociativos, políticos...) na procura da propiedade plena para os foreiros.

Nos anos da Depresión o panorama asociativo complicouse un tanto na Bretaña, posto que a crise económica e a inestabilidade política sentaron as condicións para que se desen, por unha banda, tímidos avances da Confédération nationale paysanne socialista (creada en 1933) e, sobre todo, para os Comités de défense paysanne de Henri Dorgères, alcumados «camisas verdes», que, aínda que compartían importantes compoñentes da visión do mundo do bloque agrario bretón, como o corporativismo e o antiurbanismo, practicaban uns métodos de acción directa descoñecidos ata o momento. Tanto é así que está vivo o debate de ata que punto poderían ser encadrables no campo fascista (Paxton 1996). Mesmo se a Bretaña constituíu unha das zonas onde máis sólida foi a súa implantación, aproveitando a tradición antirrepublicana e o descontento coa falta de solucións á crise por parte das organizacións predominantes, os dorgeristas nunca acadaron

unha posición hexemónica e finalmente acabaron integrándose nun Front pay-san cos atenistas e algunhas outras formacións menores. Cómpre sinalar que nos camisas verdes a relixión ocupaba un lugar por completo secundario.

O capítulo final desta panorámica chegaría, no caso francés, co sucedido durante a Ocupación. A Corporation paysanne impulsada polo goberno de Vichy gozou dun arraigamento máis forte nas rexións onde o corporativismo xa tivera unha presenza considerable no período de entre as dúas guerras, caso, como é evidente, da Bretaña, aínda que precisamente a súa raigame católica o levase a desconfiar da pegada estatalista da Corporation paysanne. O motivo é que o corporativismo católico se concibía como organizador dos intereses á marxe do Estado e como mediador ante el, mentres que nos réximes fascistas se entendía ao servizo do Estado. A oficina central cooperativa católica de Landerneau asumiu, de feito, o papel de intermediaria na impopular política de taxas e requisas. En Galicia, a Guerra Civil marcou un brusco punto final na traxectoria do agrarismo, ao que unicamente os sindicatos católicos constitúen unha excepción parcial. Tras da liberación, na Bretaña púidose retomar a actividade asociativa, marcada pola emerxencia dunha nova mentalidade entre a mocidade rural, impulsada pola JAC (Juventud Agrícola Católica, fundada en 1929) e, a partir dos anos sesenta, pola reaparición de métodos de acción directa, que para algúns autores son unha resurrección dos empregados polos dorgeristas nos anos trinta. Pola contra, en Galicia o grao de continuidade entre o movemento agrarista da posguerra e as mobilizacións agrarias do tardofranquismo e a Transición foi incomparablemente menor.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- AGULHON, Maurice / Gabriel DÉSSERT / Robert SPECKLIN (1976): *Apogée et crise de la civilisation paysanne, 1789-1914*, vol. III da *Histoire de la France rurale* (dir. Georges Duby), Paris, Éditions du Seuil.
- BALCOU, Jean / Yves LE GALLO (dirs.) (1997): *Histoire littéraire et culturelle de la Bretagne*, Paris, Champion / Coop Breizh.
- BARRAL, Pierre (1968): *Les agrariens français de Méline a Pisani*, Paris, Armand Colin.
- BENSOUSSAN, David (2006): *Combats pour une Bretagne catholique et rurale : les droites bretonnes dans l'entre-deux-guerres*, Paris, Fayard.
- BENSOUSSAN, David (2008): «Les aristocraties bretonnes à l'épreuve des répercussions de la première guerre mondiale», *Vingtième Siècle*, 3:99, 51-63.
- BERGER, Suzanne (1975; orixinal en inglés: 1972): *Les paysans contre la politique : l'organisation rurale en Bretagne, 1911-1974*, Paris, Éditions du Seuil.
- BRELOT, Claude-Isabelle (1996): «Le syndicalisme agricole et la noblesse en France de 1884 à 1914», *Cahiers d'histoire*, 41:2, 199-218.
- CABO, Miguel / Fernando MOLINA (2009): «The Long and Winding Road of Nationalization: Eugen Weber's *Peasants into Frenchmen* in Modern European History (1976-2006)», *European History Quarterly*, 39:2, 264-286.
- CABO VILLAVERDE, Miguel (1998): *O agrarismo*, Vigo, A Nosa Terra.
- CABO VILLAVERDE, Miguel (2009): «Galeguismo, agro e agrarismo na Galicia da II República», *Cuadernos de Estudios Gallegos*, LVI:122, 371-389.
- CABO VILLAVERDE, Miguel (2014): «Movilizacións agrarias e cooperativismo en Irlanda e Galicia na época contemporánea: un ensayo de comparación», en VV. AA., *Entre la revolución y la reforma: cuestión agraria y asociacionismo rural (1874-1939)*, Santiago, Fundación Luís Tilve, 61-70.
- CABO VILLAVERDE, Miguel (2015): «Mirando cara ó Norte: a fascinación por Dinamarca na Galiza do primeiro terzo do século XX», *Murguía. Revista Galega de Historia*, 32 (xullo-decembro), 83-92.
- CABO VILLAVERDE, Miguel (2017): «As Irmandades perante o agrarismo: expectativas e realidades», en Justo Beramendi / Uxío-Breogán Diéguez / Carme Fernández Pérez-Sanjulián / María Pilar García Negro (eds.), *Repensar Galicia: as Irmandades da Fala*, Santiago, Xunta de Galicia / Museo do Pobo Galego, 235-249.
- CLEARY, Mark C. (1989): *Peasants, Politicians and Producers: The Organisation of agriculture in France since 1918*, Cambridge, Cambridge University Press.
- CUCARULL, Jérôme (2002): *Histoire économique et sociale de la Bretagne*, Paris, Gisserrot.
- DUGALÉS, Nathalie / Ronan LE COADIC / Fabrice PATEZ (2004): *Et la Bretagne? : héritage, identité, projets*, Rennes, Presses Universitaires de Rennes.
- FALIGOT, Roger / André BERNICOT (2012): *Ils ont des chapeaux ronds...*, Spézet, Coop Breizh.
- FERNÁNDEZ PRIETO, Lourenzo / Miguel CABO VILLAVERDE (1998): «Agrarismo y regeneracionismo en la Galicia de comienzos del siglo XX: el discurso del regionalismo agrícola», *Agricultura y Sociedad*, 86, 133-162.
- FORD, Caroline (1993): *Creating the Nation in Provincial France: Religion and Political Identity in Brittany*, Princeton, Princeton University Press.
- FOURNIS, Yann (2006): *Les régionalismes en Bretagne : la région et l'État (1950-2000)*, Bruxelles, Peter Lang.

- FURET, François / Jacques OZOUF (1977): *Lire et écrire : l'alphabétisation des français de Calvin à Jules Ferry*, Paris, Les Éditions de Minuit.
- GEMIE, Sharif (2007): *Brittany, 1750-1950: The Invisible Nation*, Cardiff, University of Wales Press.
- GERVAIS, Michel / Marcel JOLLIVET / Yves TAVERNIER (1976): *La fin de la France paysanne : de 1914 à nos jours*, vol. IV da *Histoire de la France rurale* (dir. Georges Duby), Paris, Éditions du Seuil.
- GUYVARCH, Didier / YANN LAGADEC (2013): *Les Bretons et la Grande Guerre : images et histoire*, Rennes, Presses Universitaires de Rennes.
- LAOÛENAN, Roger (2008): *Le Poilu des tranchées : les Bretons dans la Grande Guerre*, Spézet, Coop Breizh.
- LYNCH, Édouard (2002): *Moissons rouges : les Socialistes Français et la Société Paysanne durant l'entre-deux guerres (1918-1940)*, Villeneuve d'Ascq, Presses Universitaires du Septentrion.
- MARTÍNEZ LÓPEZ, Alberte (1989): *O cooperativismo católico no proceso de modernización da agricultura galega, 1900-1943*, Pontevedra, Deputación Provincial.
- MÍGUEZ MACHO, Antonio / Miguel CABO VILLAVARDE (2010): «“Reconquistar Galicia para Cristo”: un balance del catolicismo social en Galicia (1890-1936)», *Ayer*, 79, 223-245.
- MOCH, Leslie Page (2012): *The Pariahs of Yesterday: Breton Migrants in Paris*, London, Duke University Press.
- NÚÑEZ, Clara Eugenia (1992): *La fuente de la riqueza: educación y desarrollo económico en la España contemporánea*, Madrid, Alianza.
- NÚÑEZ SEIXAS, Xosé Manuel (1998): *Emigrantes, caciques e indianos*, Vigo, Xerais.
- PAXTON, Robert O. (1996): *Le temps des Chemises vertes : révoltes paysannes et fascisme rural, 1929-1939*, Paris, Éditions du Seuil.
- RUBIO CABALLERO, José Antonio (2010): *La patria imperfecta: idearios regionalistas y nacionalistas en Bretagne (1789-1945)*, Cáceres, Universidad de Extremadura.
- SÉNÉCHAL, Jean-Paul (2012): «Les contours incertains d'un enjeu hégémonique : les ouvriers agricoles dans le Finistère du Front populaire», *Annales de Bretagne et des Pays de l'Ouest*, 119:4, 115-136.
- SIEGFRIED, André (1913): *Tableau politique de la France de l'Ouest sous la Troisième République*, Paris, Armand Colin.
- TAVERNIER, Yves (1969): *Le syndicalisme paysan : F.N.S.E.A., C.N.J.A.*, Paris, Armand Colin.
- VILLARES PAZ, Ramón (1982): *La propiedad de la tierra en Galicia, 1500-1936*, Madrid, Siglo XXI.
- VILLARES PAZ, Ramón (2017): *La Bretagne dans la culture galicienne : ressemblances et connexions*, discurso pronunciado con ocasión do nomeamento do autor como doutor *honoris causa* o 7 de marzo de 2017, Rennes, Université Rennes 2 (http://consellodacultura.gal/mediateca/extras/discurso-Ramon-Villares-Rennes_.pdf).